



# **A AUTODETERMINACIÓN DAS PERSOAS ADULTAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA: UNHA PERSPECTIVA DENTE O TRABALLO SOCIAL**

**LA AUTODETERMINACIÓN DE LAS PERSONAS ADULTAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA: UNA PERSPECTIVA DESDE EL TRABAJO SOCIAL**

**SELF-DETERMINATION OF ADULTS IN DEPENDENCY SITUATION: A PERSPECTIVE FROM SOCIAL WORK**

**Sara López Fernández** - Traballadora Social

[saralf1610@gmail.com](mailto:saralf1610@gmail.com)

## **RESUMO**

A autodeterminación como capacidade de toma de decisións está presente dende unha tripla perspectiva: legal, familiar e profesional. Por iso, establécese como obxectivo deste TFG coñecer a situación da preservación da autodeterminación das persoas adultas en situación de dependencia dende o marco legal, familiar e do Traballo Social. Mediante unha metodoloxía transversal exploratoria de carácter cualitativa, con entrevistas a profesionais de Traballo Social principalmente, púidose coñecer que: para as persoas participantes a autodeterminación desta poboación goza de protección legal; que a familia constitúe un apoio real e indiscutible e; que os/as profesionais enfróntanse a carencias do sistema que dificultan e determinan a intervención, como é a dificultade para rexerse polas vontades das persoas ante a falta de recursos e o contexto social actual, que resultan en dilemas éticos. Así pois, destácase a importancia da formación ética, a necesidade de cambios no sistema que faciliten o labor profesional e que, sobre todo, pretendan a protección da autodeterminación da poboación en situación de dependencia.

## **PALABRAS CHAVE**

Autodeterminación; dependencia; Traballo Social; familia; apoios

## **RESUMEN**

La autodeterminación como capacidad de toma de decisiones está presente desde una triple perspectiva: legal, familiar y profesional. Por eso, se establece cómo objetivo de este TFG conocer la situación de la preservación de la autodeterminación de las personas adultas en situación de dependencia desde el marco legal, familiar y del Trabajo Social. Mediante una metodología transversal exploratoria de carácter cualitativa, con entrevistas a profesionales de Trabajo Social principalmente, se pudo conocer que: para las personas participantes a autodeterminación de esta población disfruta de protección legal; que la familia constituye un apoyo real e indiscutible y; que los/las profesionales se enfrentan a carencias del sistema que dificultan y determinan la intervención, como la dificultad para regirse por las voluntades de las personas ante la falta de recursos y el contexto social actual, que resultan en dilemas éticos. Así pues, se destaca la importancia de la formación ética, la necesidad de cambios en el sistema que faciliten la labor profesional y que, sobre todo, pretendan la protección de la autodeterminación de la población en situación de dependencia.

## **PALABRAS CLAVE**

Autodeterminación; dependencia; Trabajo Social; familia; apoyos

## **ABSTRACT**

Self-determination as a decision-making capacity is present from a triple perspective: legal, familial, and professional. Therefore, the objective of this Final Degree Project is to understand the status of preserving the self-determination of adults in a situation of dependency from a legal, familial, and social work perspective. Using a qualitative exploratory cross-sectional methodology, with interviews mainly with Social Work professionals, it was possible to determine that: for the participants, self-determination among this population enjoys legal protection; that the family constitutes a real and indisputable support; and that professionals face systemic shortcomings that both hinder and determine intervention, such as the difficulty in following people's wills in the face of a lack of resources and the current social context, which result in ethical dilemmas. Thus, the importance of ethical training is highlighted, as is the need for changes in the

system that facilitate professional work and, above all, that seek to protect the self-determination of dependent adults.

## KEYWORDS

self-determination; dependency; Social Work; family; support

## INTRODUCCIÓN

A autonomía é un termo ben integrado no imaxinario colectivo, así como o seu respecto. Tanto é así que existen numerosas políticas públicas e lexislacións que pretenden a súa protección e potenciación. No marco de referencia lexislativo sitúase a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia (LAPAD de agora en adiante), que entre outras cousas, inclúe na autonomía a capacidade de toma de decisións.

Esta capacidade, denominada autodeterminación, non ten demasiado desenvolvemento lexislativo e case toda a produción bibliográfica que se atopa sobre esta ou non é nada recente ou pon o foco especificamente nas persoas con discapacidade, especialmente das de tipo mental. Isto demostra que se trata dun tema actual e latente neste ámbito mais, tamén deixa entrever que se delimita a unha poboación en concreto o cal, suxire varias cuestións: as persoas con discapacidade física teñen garantido o seu respecto á autodeterminación? Este dereito é unicamente susceptible de seren vulnerado en persoas con discapacidade?

Como profesionais de Traballo Social traballamos con numerosos grupos poboacionais. Así pois, tendo en conta o contexto territorial galego, no que a taxa de persoas en situación de dependencia é das máis altas do país cun 62,24% e cunha tendencia á alza (Instituto Nacional de Estadística [INE], 2022), moitas intervencións están focalizadas nesta poboación. Trátase dun colectivo que ten presente a promoción da autonomía pero, e a autodeterminación?

O presente traballo xorde desa inquietude por tratar de dar resposta a estas cuestións, xa que a autodeterminación está recoñecida polo Consejo General del Trabajo

Social no código deontolóxico como un dos principios xerais da profesión (CGTS, 2012, art. 7). Por conseguinte, este debe ser respectado polos/as profesionais aínda que non exixe da posibilidade de atopar barreiras legais, contextuais, estruturais, etc., que dificulten o labor profesional.

Deste xeito, o presente estudo pretende reflexionar sobre diferentes aspectos da autodeterminación das persoas en situación de dependencia. Comezarase pois, co coñecemento desta cuestión dende a protección legal, pasando pola consideración social e familiar que se lle da á autodeterminación da persoa en situación de dependencia ata o propio labor do Traballo Social neste contexto e que traballa con ámbalas dúas partes. Seguido disto, preséntase unha metodoloxía transversal exploratoria de carácter cualitativa con entrevistas a profesionais de Traballo Social principalmente e unha discusión sobre estes resultados. Todo elo, ca pretensión de dar resposta ós obxectivos delimitados.

## **1. DELIMITACIÓN DA AUTODETERMINACIÓN**

Para afondar na temática a tratar, procederase ao desenvolvemento e deslinde da autodeterminación da poboación destinataria tanto de forma xeralizada, como de xeito máis específico nas normas legislativas, na contorna familiar e na actuación profesional dende o Traballo social, como aspectos que interveñen directamente nesta.

### **1.1. CONCEPTUALIZACIÓN**

As situacións persoais sofren variacións ó longo do proceso vital, podendo presentarse algún tipo de dificultade física, psicolóxica, intelectual ou mental. Estas poden estar asociadas á idade, á falta de contornas accesibles, á ausencia de recursos económicos adecuados, etc. comportando nun estado de perda de autonomía para a realización das actividades básicas da vida diaria (ABVD). Polo tanto, as persoas nesta situación requirirían da atención dunha ou varias persoas para a súa realización e/ou de apoios no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental. Permitindo así, coadxuvar esta *situación de dependencia* en prol da súa autonomía persoal e do exercicio dos seus dereitos cidadáns de acordo ca súa capacidade de obrar (Consejo de Europa,

2000 como se citou en Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, 2004; LAPAD, art. 2.2 e 4.3).

É importante resaltar que a perda de autonomía que require de apoios prolongados para o desempeño de actividades da vida diaria e non poder vivir de xeito autónomo é *sine qua non* para que exista a situación de dependencia (González-Rodríguez, 2017). Este fenómeno, presenta unha maior incidencia nas persoas maiores de 65 anos, mais, atangue a toda a estrutura poblacional podendo manifestarse en calquera momento da vida ou non aparecendo nunca (Alemán et al., 2013, p. 52). Este feito, contrasta cos datos aportados polo IMSERSO (2024a) onde o 53,21% das resolucións de grao de dependencia en Galicia se corresponden cas persoas maiores de 80 anos fronte o 28,96% da poboación menor de 64 anos.

Isto demostra que discapacidade e dependencia poden manifestarse xuntas ou individualmente, compartindo así inxerencias obxecto de reivindicación e produción legislativa. Un exemplo sería a cuestión relativa á autonomía e á autodeterminación ou o emprego de normativa específica da materia de discapacidade en casos onde unicamente sexa latente a situación de dependencia, como se verá con posterioridade.

A lei principal en materia de dependencia en España é a LAPAD, cuxo obxectivo estratéxico vai dirixido a configurala “como unha nova modalidade de protección social que amplía e complementa a acción protectora do Estado e do Sistema da Seguridade Social” (LAPAD, 2006, parág. 13). Así é que os seus principios básicos rexentes inclúen: o carácter público, a universalidade de acceso, a atención integral, a permanencia das persoas en situación de dependencia na súa contorna a condición de que sexa posible, etc. (art. 3). Do mesmo xeito, reconece como dereitos das persoas nesta situación: a decisión, cando teña capacidade de obrar suficiente, sobre a tutela da súa persoa e bens; a decidir libremente sobre o ingreso en centro residencial; ó exercicio pleno dos seus dereitos patrimoniais, etc. (art.4).

Fronte a isto, sitúanse a aplicación da norma e as súas fallas, que non a permitiron formar parte dun dos piares do Estado de Benestar (Fidalgo, 2018, p. 62). Esencialmente deuse, polo que se podería traducir de forma xenérica, por un pobre investimento estatal, polas diferencias entre autonomías e por un limitado apoio ó

coidador informal (Fidalgo, 2018). Estas causas repercutiron na poboación en forma de amplas listas de agarda para o recoñecemento da situación de dependencia e nun acceso ós servizos, que dende entón presenta un carácter crónico (Fidalgo, 2018; Serrano, 2022). Asemade, tamén cabe recalcar a tendencia cara a atención asistencialista dun sistema máis centrado na atención á dependencia que na promoción da autonomía persoal, do mesmo xeito que queda explícita a prevalencia que se ven dando das prestacións económicas sobre ás de servizos, sendo “a prestación menos desenvolta (...) a do asistente persoal” (Huete et al., 2021, p. 26). Este último dato, corrobora á precariedade da promoción da autonomía xa que a figura do/a asistente persoal é considerada como un servizo de apoio cuxo obxectivo é “permitir a vida independente, posibilitándolle o seu empoderamento persoal e a súa autodeterminación e, por tanto, unha efectiva inclusión social e a participación na vida da comunidade” (Moya, 2018, p. 14).

Defínese pois, a autonomía como “a capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo cas normas e preferencias propias así como de desenvolver as actividades básicas da vida diaria” (LAPAD, art. 2.1). Neste sentido, a autonomía presenta unha dobre dimensión, é tanto capacidade física para desenvolver as actividades da vida diaria como capacidade de decisión do individuo sobre como evoluciona a súa vida. Esta última é a definición da autodeterminación que, dito doutra forma, é a “expresión da liberdade da persoa e por tanto da responsabilidade das súas accións e decisións” (CGTS, 2012, art. 7).

Segundo Wehmeyer e o seu Modelo Funcional de Autodeterminación, a autodeterminación é “unha característica disposicional que permite á persoa actuar como o axente causal da súa propia vida, sendo capaz de facer as eleccións e tomar as decisións que repercutan na súa calidade de vida, sen influencias externas” (citado por Rodríguez-Abreu et al., 2022, p. 6). Neste sentido fálase da autodeterminación como capacidade, con todo, hai persoas quen non teñen esas capacidades, porque non as puideron desenvolver ou as perderon temporal ou permanentemente, en cuxo caso debemos acudir á significación da autodeterminación como dereito, o que incorrería nunha garantía real para as persoas (López, 2010).

Etxeberria (2021) distingue así entre a autodeterminación actual e a potencial, sendo a primeira a capacidade de decisión no tempo presente e, a segunda, a capacidade de decisión que podería ser tomada de contar con apoios. Nun exercicio xerárquico primaría a segunda, debido a que, “non se debe substituír a autodeterminación de quen agora non pode decidir algo, se podería decidilo se se lle ofrecesen apoios” (Etxeberria, 2021, p. 245). Trátase pois, dunha concepción que resalta a importancia da dignidade humana e dos seus dereitos humanos inherentes (Montañez, 2023).

## **1.2. Contexto legal**

Para coñecer a actual situación do exercicio da capacidade xurídica das persoas en situación de dependencia e dos seus apoios débese botar a vista atrás á lexislación en materia de dereitos das persoas con discapacidade.

Foi no ano 2006, ca celebración da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, cando se produce un cambio no paradigma da concepción das persoas con discapacidade e se lles recoñece como persoas enmarcadas no principio de igualdade de dereitos e liberdades, incluíndo o dereito á dignidade e ás medidas que aseguren o exercicio da súa capacidade xurídica (Bernad, 2023). Convertíase entón, nun tratado internacional de referencia a partir do cal se elaboraron diferentes leis en coherencia co novo convenio (Bernad, 2023). Iniciouse este proceso ca Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade que establece un prazo dun ano para a revisión do Código Civil de acordo co tratado (Lei 26/2011, Disposición Adicional 7<sup>a</sup>) mais, non foi ata o 2021 cando se ratificou a Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica (Lei 8/2021 a partir de agora).

Esta lei asegura que se respecten os dereitos, a vontade e as preferencias da persoa con discapacidade recoñecendo o seu dereito a tomar as decisións relativas a súa vida, xa que, “a capacidade xurídica non só implica unha mera titularidade de dereitos, senón tamén a correlativa lexitimación para exercelos” (Pereña et al., citado por Bernad, 2023, p.8). Así pois, para facelo efectivo toma unha serie de medidas entre as que se inclúe eliminar as tradicionais figuras xurídicas da incapacitación, a tutela das persoas maiores

de idade, a patria potestade (prorrogada e rehabilitada) e a prodigalidade; así como a abolición do predominio do interese superior para seren substituída polo respecto á vontade da persoa ou pola mellor interpretación posible desta. (Bernad, 2023; Lei 8/2021; Plena inclusión Madrid, 2022).

Agora ben, a Lei 8/2021 está primordialmente orientada á capacidade xurídica e ós apoios das persoas con discapacidade pero, preserva disposicións en parte do seu articulado onde se especifica que a referencia de persoa con discapacidade debe ser entendida como aquela persoa que requira de aprovisionamento de apoio no exercicio da súa capacidade xurídica (Lei 8/2021, disposición adicional cuarta). Así mesmo, tamén se recolle no Preámbulo III que “poderá beneficiarse das medidas de apoio calquera persoa que as precise, con independencia de se a súa situación de discapacidade obtivo algún recoñecemento administrativo” (Lei 8/2021). Isto, permite entender que a lei non aplica unicamente ás persoas con discapacidade recoñecida.

Neste punto, cabe subliñar que a esencia da Lei 8/2021 é a reivindicación e fomento da institución xurídica da *curatela*. Trátase da principal media de apoio con carácter xudicial para as persoas con discapacidade a cal xa coa súa significación (coidado), sinala como a asistencia, o apoio e a axuda no exercicio da capacidade xurídica conforman a súa finalidade (Lei 8/2021; Montañez, 2022). Este apoio continuado na toma de decisións debe estar respaldada por unha debida información, un acompañamento no proceso de comprensión e razoamento no momento no cal a persoa decida manifestar as súas preferencias e, finalmente, dun fomento do exercicio da capacidade xurídica con vistas a unha diminución futura do apoio (Bernad, 2023; Lei 8/2021). Só en casuísticas excepcionais onde non sexa posible establecer medidas de apoio esta figura poderá adquirir unha función representativa -curatela representativa- aínda que, como se dixo con anterioridade, non exista algún tipo de identificación administrativa en torno ó recoñecemento da discapacidade (Bernad, 2023). Nestas situacións nas que a persoa non poida manifestar a súa vontade e exista unha curatela representativa “deberase ter en conta a traxectoria vital da persoa (...), as súas crenzas e valores, así como os factores que ela tomase en consideración, co fin de tomar a decisión que adoptaría a persoa” (Lei 8/2021, art. 249). Así mesmo, no caso de existir conflito de intereses entre a persoa e súa figura

de apoio ou imposibilidade de exercicio desta última, recóllese a figura do defensor xudicial (Montañez, 2022, p. 167).

Outra figura de apoio recollida é a do cargador de feito, “unha medida informal de apoio que pode existir cando non haxa medidas voluntarias ou xudiciais que se estean aplicando eficazmente” (Lei 8/2021, art. 250), a cal non require de recoñecemento xudicial salvo excepcións, como para a realización dunha actuación representativa onde se requirira dun previo estudo de caso e a autorización do xuíz e da persoa suxeito de dereitos (Lei 8/2021, art. 264). Xeralmente, é un rol desenvolto pola familia “pois a familia segue sendo na nosa sociedade o grupo básico de solidariedade e apoio entre as persoas que a compoñen” (Lei 8/2021, parág. 12).

### **1.3. A familia na autodeterminación**

A idea da familia como punto de apoio dende o marco legal, fórmúlaa como figura de coidado principal. Esta expresión da figura de coidado require dunha estruturación das obrigacións na vida familiar (Molina et al., 2021).

Dita estruturación, pretende recoñecer os desexos da familia e da persoa en situación de dependencia (Molina et al., 2021), cumprindo cunha toma de decisións participativa por parte da persoa suxeito de dereitos que require de previa “identificación das súas prioridades, o intercambio de información e o respecto á persoa como experta na súa vida e en si mesma” (Registered Nurses’ Association of Ontario, citado por Serrano, 2022, p. 44). Un traballo que pode ser efectuado trala chegada do recoñecemento ou preventivamente e que lle permite a cada membro da familia aumentar a posibilidade de materializar a súa idea de calidade de vida (Gobierno del Principado de Asturias, citado por Molina et al., 2021). A pesar de todo, poden darse dificultades na comunicación ou ausencia da mesma, xurdindo conflitos como por exemplo sobre a provisión dos coidados ou por disparidade das responsabilidades do coidado, habitualmente asumidas polas mulleres (Martín e Rivera, 2018) sendo 87,9% das persoas coidadoras mulleres (IMSERSO, 2024b).

Se ben a familia constitúe o principal apoio para a promoción da autodeterminación (Vicente et al., 2018), en ocasións, ante os primeiros signos de

dependencia e aínda que a persoa non presente un deterioro cognitivo que o xustifique (Serrano, 2022), a familia pode presentar un sentimento de responsabilidade á hora de tomar as decisións (Basegio et al., citado en Molina et al., 2021). Isto é debido a que se trata dun momento onde a sobreprotección é máis probable que se manifeste (Molina et al., 2021).

Por outra banda, igual importancia teñen na toma de decisións os factores externos como o nivel da lexislación, o sistema de coidados, os valores culturais ou os cambios de roles na familia tradicional (Serrano, 2022; Fidalgo, 2018). Estas, estarían dando lugar a unha “decisión determinista”, non autónoma e libre xa que “por moito que a decisión fose deles/as sen a implicación doutras persoas, son realmente factores externos á súa propia vontade que nun dirixe a súa acción (que non decisión)” (Serrano, 2022, p. 196).

#### **1.4. Traballo Social na autodeterminación**

A existencia das anteditas decisións deterministas son consecuencia dun proceso evolutivo no principio de autodeterminación. Onde a persoa que tomaba decisións de xeito illado e descontextualizado agora é quen de tomar as súas decisións, non unicamente atendendo as súas preferencias individuais, senón que tamén en tanto ser social e relacional, atende á violencia estrutural á que se atopan sometidos tanto os/as destinatarios/as da intervención social como os/as profesionais de Traballo Social (Cuenca e Román, 2023).

Malia isto, en ocasións de especial sensibilidade para as persoas usuarias e para as súas familias (Parra et al., 2014), a acción do/a traballadora/a social (TS de agora en adiante) focalízase na análise das circunstancias que desembocan en “saídas positivas e negativas” e en presentar os camiños para acceder a cada unha delas (Valverde, 2016). Isto último debe estar moi presente para o/a profesional, pois a posibilidade de ofrecer unha soa opción positiva é condicionar a actuación da persoa e da súa contorna faltando ó respecto do principio de autodeterminación (Valverde, 2016), dereito que debe ser preservado de acordo ao Código Deontolóxico de Traballo Social. Este feito de basear a intervención nun mero proceso de escolma limitada sitúase en contra non só do principio de dignidade da persoa en situación de dependencia, senón que atenta tamén contra o/a propio/a profesional converténdoo en responsable das consecuencias; pois, “cando un

traballador social decide por outros: os éxitos da decisión son vitorias dos outros; pero os fracasos son equivocacións do profesional, e non dos outros” (Valverde, 2016). Parra et al. (2014) expoñen que existe unha maior ameaza á preservación da autodeterminación, e portanto dunha acción paternalista, cando a noción de vulnerabilidade da persoa usuaria é maior.

Biehal, explica que a función do principio de autodeterminación na práctica da profesión se sustenta en fixar os límites da relación profesional-persoa usuaria e en respectar, coidar e tutelar a súa liberdade de decisión pero nunca interferir, manipular ou coaccionar (citado en Parra et al., 2014). Coñecer as circunstancias particulares da persoa e da súa contorna permítella ós profesionais garantir unha mellor asistencia e orientación para articular obxectivos, metas, plans de traballo e organización da intervención social que propicien un suxeito de actuación real (Valverde, 2016).

Así pois, de acordo ás diferentes variacións que se poden dar na relación profesional-persoa usuaria pódense establecer distintos modelos de toma de decisións en base á literatura:

**Táboa 1***Modelo de toma de decisións*

	<b>Papel da persoa usuaria</b>	<b>Papel do/a Traballador/a Social</b>	<b>Fluxo da información e tipo de información</b>	<b>Persoa que toma a decisión</b>
<b>Paternalista</b>	Papel pasivo	Experto/a e sabe que é o mellor	A información aportada á persoa usuaria por parte do/a TS é mínima	Traballador/a Social
<b>Representante</b>	Papel secundario	Actúa como representante da persoa usuaria segundo as preferencias desta	A persoa usuaria aporta certa información ó/a TS para que tome a decisión por ela	Traballador/a Social
<b>Deliberativo</b>	Determina e elixe os mellores valores/beneficios ós que pode aspirar	Suxire ou incluso persuade sobre o por que é mellor aspirar a uns	O/A TS aporta información e valores á persoa usuaria A persoa usuaria aporta certa	Persoa usuaria (baixo persuasión)
	(baixo criterio profesional)	valores/beneficios ou outros	información ó/a TS sobre os seus valores	
<b>Compartido</b>	Busca e desexa participar de forma compartida	Busca e desexa participar de forma compartida	Intercambio bidireccional de información e valores	Compartida
<b>Interpretativo</b>	Considera os seus propios valores con axuda do/a TS	Informa e axuda a clarificar os valores da persoa usuaria	O/A TS aporta información á persoa usuaria. A persoa usuaria aporta certa información ó/a TS sobre os seus valores	Persoa usuaria
<b>Informado</b>	Posúe información sobre valores	Aporta unicamente información técnica	O/A TS aporta información técnica	Persoa usuaria

*Nota:* Fonte: Elaboración propia a partir de Serrano, G. (2022). *Toma de decisiones compartida interprofesional en el cambio o la permanencia de las personas mayores en el hogar* [Tesis Doctoral, Universidad de Córdoba] <https://helvia.uco.es/xmlui/handle/10396/22963>

## **2. OBXECTIVOS**

Os obxectivos deste estudo, posteriormente descritos, están distribuídos nun obxectivo xeral e tres obxectivos específicos.

### **2.1. Obxectivos xeral**

Analizar a preservación da autodeterminación das persoas adultas en situación de dependencia en Galicia dende a perspectiva do Traballo Social.

### **2.2. Obxectivos específicos**

- Coñecer cales son as formas legais da limitación e promoción da autodeterminación.
- Describir algunhas das barreiras sociais e contextuais que poden influír no deslinde da autodeterminación.
- Explorar con diferentes profesionais de Traballo Social sobre a autodeterminación na praxes.

## **2. METODOLOXÍA**

Partindo dos obxectivos delimitados ó inicio da investigación, estableceuse unha metodoloxía transversal exploratoria de carácter cualitativo, xa que, esta “permite comprender a profundidade dun fenómeno a partir da mirada dos actores sociais” (Urbina, 2020, p. 2). Esta metodoloxía cualitativa ten constituída a súa parte empírica pola realización de entrevistas, o que permitiu dar resposta ó obxectivo que fai referencia expresa a coñecer a perspectiva de diferentes TS sobre a materia.

### **2.1. Participantes**

Así pois, delimitouse a poboación obxecto de estudo a 6 TS de diferentes áreas profesionais e 1 de Dereito. A selección dos profesionais é debida a que desenvolven a súa actividade profesional ca poboación en situación de dependencia ou en ámbitos susceptibles diso.

**Táboa 2**

*Perfil dos/as participantes*

	<b>Xénero</b>	<b>Estudos</b>	<b>Poboación</b>	<b>Ámbito</b>
<b>P1</b>	Muller	Graduada en TS	Universal	Servizos Sociais do rural
<b>P2</b>	Muller	Diplomada en TS	Universal	Hospitalario (urxencias)
<b>P3</b>	Muller	Diplomada en TS	Persoas con trastorno de saúde mental	Hospitalario (saúde mental)
<b>P4</b>	Home	Licenciado en Dereito	Persoas con discapacidade	Apoio á capacidade xurídica
<b>P5</b>	Home	Graduado en TS	Persoas maiores	Centro de día
<b>P6</b>	Muller	Diplomada en TS	Persoas con discapacidade mental <sup>1</sup>	Terceiro sector
<b>P7</b>	Muller	Diplomada en TS	Persoas con deterioro cognitivo tipo Alzheimer	Terceiro sector

3.2.

### **Instrumentos e técnicas de recollida de información**

Posto que, se pretende coñecer mediante vivencias e percepcións a consideración da autodeterminación das persoas en situación de dependencia dende diferentes ámbitos dunha profesión, o instrumento empregado foi a entrevista semiestruturada. Esta modalidade de entrevista permite que as persoas entrevistadas respondan de xeito libre as preguntas fixas preestablecidas permitindo que a persoa entrevistadora se poida adaptar ás respostas proporcionadas (Lopezosa, 2020). Isto, dota de flexibilidade a esta modalidade o que “tradúcese nunha maior participación dos entrevistados en ofrecer o seu punto de vista, unha maior uniformidade de respostas, e por tanto, maior facilidade para que os investigadores poidan interpretar as respostas no contexto do seu estudo” (Lopezosa, 2020, p.89).

A actividade foi desenvolvida de xeito telemático vía *Microsoft Teams* facilitando a celebración das entrevistas para os profesionais de diferentes zonas de Galicia así como a posterior transcripción da mesma, realizada inicialmente con esta mesma ferramenta.

### **3.3. Procedemento**

Trala delimitación dos diferentes aspectos que se desexaban abordar fíxose un estudo dos posibles ámbitos profesionais nos que se traballara tanto con diferentes poboacións de

persoas en situación de dependencia como cas súas familias, resultando nas anteriormente descritas. Unha vez levado a cabo isto comezouse a contactar con diferentes profesionais vía telefónica e por correo electrónico.

Finalmente foron 7 os/as participantes. Acordouse individualmente a data e hora da entrevista cunha previa explicación dos temas a tratar e a sinatura do consentimento informado. Así pois, as entrevistas foron realizadas entre o 22 e o 26 de abril con duracións entre os 19 e os 56 minutos nas que se incluíu a introdución do tema e o respecto das cuestións éticas incluídas no antedito consentimento. Estas cuestións éticas foron respectadas ó longo de todo o procedemento empírico de acordo co disposto na Lei Orgánica do 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Unha vez obtidas as entrevistas comezouse co labor de transcripción entre o 29 de Abril e o 5 de maio. Estas transcripcións foron feitas co apoio da transcripción automática do programa de *Microsoft Teams* (2024) nos casos nos que as persoas entrevistadas falaran en castelán, mais nos casos nos que a entrevista se desenvolveu en galego, fíxose de forma manual mentres se reproducía a gravación. Posteriormente, todas as entrevistas foron traducidas ao galego en concordancia co idioma do presente traballo.

### **3.4. Análise de datos**

Ao pretender coñecer a realidade da situación ca perspectiva dun campo profesional específico, adoptouse o método dedutivo, que permite ir dunha idea abstracta, como a descrita no marco teórico, á experiencia extraendo unha conclusión a partires de exemplos e hipóteses (Urzola, 2020).

Trala realización das transcripcións a información obtida foi debidamente codificada, entendendo que este proceso “comprende procedementos de conceptualización, redución, elaboración e vinculación dos datos” (Strauss e Corbin citado en Seid, 2016, p. 16). Esta vinculación á redor de ideas, temas ou conceptos permite o establecemento de categorías de análise (Rubin e Rubin citado en Vargas e Velázquez, 2019, p. 374).

Neste último sentido, para seren levado a cabo, realizouse a lectura detallada das transcricións para poderen identificar os fragmentos correspondentes a unha mesma categoría. Estas categorías correspóndense cas predefinidas con anterioridade, que permitiron orientar o guión de preguntas e o cumprimento dos obxectivos marcados.

### **3. RESULTADOS**

A continuación desenvolverase o análise da información recollida baseada nas experiencias e percepcións das persoas participantes.

#### **3.1. Contexto legal**

A autodeterminación das persoas en situación de dependencia goza dunha protección real no marco legislativo vixente de acordo as persoas participantes, as cales diferencian entre a autodeterminación como dereito, a cal require de protección legal, e a capacidade de autodeterminación que non é percibida como susceptible de produción xurídica. Neste sentido, hai quen apunta que nos centros de día “hai un réxime interno que regula polo benestar das persoas, hai unha normativa específica, temos un protocolo en concreto (...)” (P5), o que supón un engadido da normativa estatal ou autonómica.

Así mesmo, recoñecen que a pesares dalgunhas dificultades para a comprensión de determinados aspectos, os recentes cambios na normativa relativos á aprobación da Lei 8/2021 supuxeron un cambio substancial tanto porque “se lles preserva máis na súa autonomía, na súa independencia e na súa autoestima” (P7), como na abolición de determinados puntos da anterior normativa que consideran “era absolutamente invasora, arrasaba absolutamente con todo (...). Sen diferenciar se a persoa tiña capacidade de comprender, pois cuestión política (...), o tema económico, o tema sanitario, é dicir, equiparábase a todo o mundo por igual. Salvo as curatelas.” (P2). Remarcando pois, que o cambio:

“Supuxo un cambio real pero, sobre todo, no sentido de concienciación. Ao mellor nos axentes que estamos especializados, xa interpretabamos (...) dunha forma moi similar ó que a nova lei nos indica. Pero bueno, si, había casos de xente non especializada, de titores privados o mellor, pois que estaban a

entendelo de xeito equivocado (...), loxicamente, todo este tipo de cousas teñen matices.” (P4)

Con todo, tamén se manifestan disidencias sobre as actuacións dalgúns dispositivos como as entidades bancarias que trala ratificación da norma se vivencia en parte que, “os bancos si que estableceron como un documento interno de como actuar, ata agora, iso non o había.” (P6), mentres que outras vivencias que “suponse que se ti vas a un banco cunha garda de feito tenche que chegar. Na práctica non, ti non podes ir e dicir ‘eu é que me encargo desta persoa, dáme o seu diñeiro’, non é real.” (P1).

Entre estas cuestións, tamén se destaca na práctica profesional unha percepción da norma na que “se dirixe máis a estas persoas con discapacidade, máis que ás persoas que por enfermidade poden ir deteriorándose cognitivamente” (P7), así como unha desprotección de cara ás persoas en situación de dependencia, debido ó descoñecemento por parte das persoas usuarias e das súas familias denunciando que:

“Para acceder aos servizos sociais, unha persoa con dependencia, teñen que ser eles os que o demanden. Non hai unha actuación de oficio para intervir con eles (...). Existe bastante desprotección, e iso, moita falta de información que ao final xera que estean desprotexidos. Agora con todo isto si que é moitísimo máis complicado. Non teñen un titor para todos os procedementos, hai que solicitalos para cada unha das actuacións que a familia quere facer no seu nome (...). Ao final si que morremos e afogámonos na burocracia.” (P1)

“As familias se quedan asombradas de que ti poidas designar a alguén que atenda todos os teus asuntos e vele por ti cando xa non poidas. Entón, a maioría das persoas non teñen esta cuestión desenvolvida co cal hai que acudir aos xulgados, o cal significa demora, tardanza e desprotección.” (P2)

Por outra banda, algúns dos puntos centrais desta lei son a reestruturación das figuras de apoio eliminando as tutelas das persoas adultas e as incapacitacións, dálle importancia á figura informal do gardador de feito, etc. A pesar disto, este novo recoñecemento non é percibido como un cambio na práctica profesional xa sexa porque “en parte as dificultades coas que me atopaba antes (dificultades de comunicación coa

entidade<sup>6</sup>, listas de espera que adían moito as visitas, etc.) sigo atopándoas agora” (P3); porque as familias “seguen actuando igual” (P6); ou polos retrasos na revisión dos casos “nós temos moitos casos sen revisar (...), a pesar de que xa se vai a acabar o prazo dos 3 anos” (P6). Isto, idea a cuestión de que “moitas veces xulgamos esas ferramentas polas consecuencias que derivan do seu emprego, pero sen valorar se realmente o problema é a ferramenta ou a forma na que se utilizou esa ferramenta.” (P4).

Algunhas destas consecuencias derivadas do seu emprego, son traducidas na práctica profesional como unha incongruencia ante a discordancia na resolución dos casos xa que “cambiaron en moitos casos as incapacidades por unha garda de feito (...), en cambio, tiven en xente con menos discapacidade que lle estableceron a curatela como medida.” (P6). Outras consecuencias materializáronse en que “as miñas compañeiras de comunitarios (...) quéixanse de que é unha ‘barbaridade’. Que están desbordadas por esas solicitudes inxentes de informes que ás veces poñen ata 4 días para elaboralos.” (P2) o cal provoca “moitísimos problemas á profesión, á carga de traballo e a asumir unhas funcións que non sei ata que punto pódeseos pedir se non tes formación en peritaxe.” (P2). En contraposición a isto, atópase que “ao principio, si que pediron en varias revisións informes ás entidades (...) en cambio agora nas revisións que están a facer xa non están a solicitar eses informes.” (P6).

### **3.2. Familia**

Dentro das persoas que exercen o apoio, se diferencia esencialmente entre a familia como apoio e as entidades tutelares ou de apoio á capacidade xurídica. Onde a primeira constitúe un apoio real indiscutible e mesmo imprescindible para a persoa en situación de dependencia remarcando que “aínda que estean a exercer un labor de supervisión, de acompañamento, de ir asumindo cousas que a persoa xa non pode, con pequenos coidados e tal... infinitamente sempre están mellor as persoas con familia.” (P2) e que “grazas ao apoio e sostén da familia é polo que moitos usuarios (...) poden manterse no entorno comunitario, realizando unha vida normalizada, seguindo as súas preferencias e ao tempo, evitando ingresos hospitalarios” (P3). Ó mesmo tempo, danlle especial importancia a

---

<sup>6</sup> A participante refírese á Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA).

determinadas figuras como é o caso das mulleres, “as mulleres, son as que sosteñen a maior parte da carga de coidados” (P3), e doutra rede de apoio “hai familia de sangue e familia de vínculo (...) ó mellor teñen amizades ou relacións que mesmo mellor que a propia familia” (P2).

En relación á segunda modalidade no desempeño da figura de apoio, as entidades tutelares ou de apoio á capacidade xurídica, maniféstase especialmente a dificultade que se atopa á hora de apoiaren decisións que implican o coñecemento da traxectoria vital da persoa porque “é moi complicado para un familiar, imaxínate pois, nun caso como unha fundación (...) que traballa con 2500-3000 persoas... É imposible chegar a un nivel de coñecemento dunha persoa como para poder tomar ese tipo de decisións dese xeito.” (P4).

A pesar de que a familia constitúe un pilar no coidado e no apoio das persoas en situación de dependencia, cando se fala de preservación da autodeterminación onde cómpre recordar que “o gardador de feito e o curador, debe ter en conta as preferencias e desexos da persoa con discapacidade” (P6) non esquecendo que “non podemos pretender que un curador simplemente sirva de conselleiro (...) pero despois se lle poida pedir responsabilidades sobre as consecuencias de esa decisión.” (P4). Os profesionais atopan polos opostos nese respecto á persoa e ó cumprimento da lei, en especial, dependendo das características desta poboación. Mentres que no caso das persoas con deterioro cognitivo “na maioría dos casos, procuran preservar esa autodeterminación, porque son o eu do paciente; convértense no eu social, o eu completo do paciente (...). É a enfermidade o que fai que se limite a autodeterminación” (P7), no caso das persoas con discapacidade mental “ter en conta as preferencias e desexos da persoa con discapacidade (...) non se da na práctica (...). As familias (...) levan toda a vida decidindo todo pola persoa con discapacidade (...). Eles non teñen esa ocasión de tomar unha decisión, de equivocarse.” (P6)

A posible incompatibilidade entre os desexos da persoa en situación de dependencia e os da súa familia non é habitual segundo as persoas entrevistadas mais, nos casos nos que se dan, presentan dúas fontes orixinarias: por razóns económicas e pola responsabilidade do coidado. A segunda é a máis comentada, xa sexa “en caso de persoas que queren un recurso e a súa familia quere outro” (P1) como por exemplo se dá mais

frecuentemente no caso das persoas maiores “para que ingrese nunha residencia, inda que a persoa manifestase reiteradamente a súa negativa a facelo (e non haxa situación de risco ou que a incapacite para poder retornar ao seu domicilio con apoios...)” (P3), ou ben porque se presenten diferencias na posibilidade e/ou disposición do coidado porque :

“as familias na contorna urbana atópanse con moitos problemas, que é, traballos moitas veces a quendas, cambiando de quendas, con crianza a nenos pequenos (...), moi ocupados, con pouco tempo, ás veces con pouca disposición tamén. En cambio, no rural vexo outra actitude, vexo máis facilidade para asumir coidados (...). Vexo máis sufrimento nas familias urbanas porque tamén hai outras expectativas. Se o pensas a xente das cidades, normalmente vacacións, viaxar... no rural non teñen tanta esa necesidade, imos dicilo.” (P2)

Nos casos nos que se dan estas situacións as/os profesionais coinciden en que “falando coa persoa dependente (en caso de que polas circunstancias poida manifestar a súa opinión ao respecto) e cos familiares implicados, soe chegarse a un acordo satisfactorio para ambas partes” (P3), é dicir, a mediación familiar é a habitual solución mais, “nalgún caso é moi complicado (...). Adoitan vir todos sempre por problemas económicos. Se non hai problemas económicos, non adoita haber este tipo de problemas.” (P1), polo que, conclúen que “sempre hai algunhas excepcións (casos que acaban xudicializados, etc.)” (P3).

### **4.3. O papel do Traballo Social**

Tanto a resolución dos conflitos como a atención directa cas persoas usuarias e as súas familias son algunhas das funcións principais da profesión. A forma na que se desenvolve esta actividade profesional importa, así como á dos compañeiros/as doutras profesións polo que, á hora de analizar se se actúa sempre como defensor/a e impulsor/a da autodeterminación das persoas en situación de dependencia poden presentarse inconvintes. A defensa da autodeterminación é unánime, remarcando nas intervencións un modelo de decisións informado no que “todas as decisións telas que tomar ti, pero se non fas isto, isto, isto, isto pode pasar isto” (P7). Malia isto, admiten que en ocasións “haberá moitos detalles que se nos escapen e moitas palabras, e caemos moitas veces no paternalismo.” (P5). Din especialmente que, “cando tes unha carga de traballo moi

grande, deixas de observarte. Non es capaz de estar desdobra e observar o teu exercicio profesional e avaliarte constantemente.” (P2). Ante isto, remarcán a importancia que ten a formación e reflexión ante diferentes dificultades e cuestións éticas atopadas na práctica profesional destacando “o traballo interdisciplinario péreceme de gran utilidade, para alén da autocrítica, poder compartir opinión con outros/as compañeiros/as para tentar que esas situacións, polo ben das persoas ás que atendemos, se dan as menos veces posibles.” (P3) aínda que recoñecen que en ocasións ante “a carga de traballo, a falta de tempo, que hai que axilizar...non o fas” (P2).

Os conflitos expresados en ocasións desenvocan na institucionalización como solución o que plantea a cuestión de se este recurso fomenta a defensa da persoa autodeterminada, xa que as persoas participantes coinciden en que a maioría das persoas, especialmente as maiores, desexan manterse na súa vivenda habitual. A institucionalización entendida cara un centro de atención diúrna “posibilita moito a autodeterminación, (...) lles permite seguir no seu domicilio, manter os lazos coa súa familia, manterse na súa contorna, cos seus veciños, ou sexa, a súa vida continúa” (P5), malia isto, no caso doutras modalidades de institucionalización, entenden que esta “supón adecuarse a unhas normas que veñen impostas, o que pode facer perder certa autonomía” (P3).

Asemade, cabe recordar que os internamentos involuntarios na “reforma lexislativa 8/21 (...) por agora, aí seguen” (P4) e que “non é raro que unha ou dúas veces á semana non utilice esta información” (P2). Este recurso, din máis empregado do desexado, alude tanto á “institucionalización sanitaria cando se converte en obrigatoria é porque esa persoa normalmente non é consciente da enfermidade de que ten” (P4), como á institucionalización residencial debido a que a persoa “non é consciente das súas necesidades, non é consciente do seu risco, vive crendo que aínda ten unhas capacidades que non ten, a familia non pode asumir uns coidados...” (P2). O cal formula unha dúbida recorrente sobre ás persoas usuarias: “que prevalece? o deixala se cadra que morra soa en casa ou o buscar unha medida mellor?” (P1); “Estou a ir en contra do teu desexo? pois si, estou a ir en contra, pero bueno, entendo que é, pois para proporcionarche calidade de vida e unha vida digna.” (P5).

Con esta e outras cuestións enriba da mesa, concordan as persoas entrevistadas que a preservación da autodeterminación constitúe un dilema ético pese a que “non debería ser un dilema de ético, ten que prevalecer sempre a a autonomía do usuario” (P1) “ante a familia, profesionais ou resto de implicados. En caso de dúbidas sobre a súa capacidade, corresponde a un xuíz resolvelo, non a nós” (P3). Mais comentan que a xénese deste dilema principalmente, é porque “estamos nun pleno proceso de transición dun sistema coidados familiar tradicionalísimo, que se está evidenciando que as familias xa non poden, e os recursos públicos non crecen na mesma medida.” (P2); “hai que dar servizos, non diñeiro. (...) Desde as entidades máis profesionalizadas e menos politizadas, si se prima o fomento da da autonomía persoal (...), fronte a este diñeiro para que che coide ‘fulanito’ (...), mesmo para o coidador tampouco é positivo.” (P1).

Polo tanto, conclúese que “sendo as familias apoios esenciais, tamén entendo que as administracións teñen que poñer os medios para que esa carga (...), non se lles faga tan grande”(P3), xa que non cómpre esquecer que “o sistema de coidados (...) está totalmente en crise en Galicia (...) esperar que a familia poida asumir ao 100% os coidados e atencións é (...), unha inxenuidade.” (P2). Tendo sempre en conta que “as leis e as modificacións das leis son posteriores a detección social desa necesidade” (P4), dáse como froito a esta situación que “a persoa na súa casa non pode estar porque non hai recursos, a familia non pode cubrir todas as necesidades, os recursos públicos tardan moito e son insuficientes...” (P2), o cal, deriva en que en ocasións en que “a corda rompe pola parte máis fráxil, que é non respectar o dereito ou o desexo da persoa.” (P2).

#### **4. DISCUSIÓN**

A raíz dos resultados anteriormente descritos, percíbense unha serie de inferencias similares entre as persoas participantes con respecto ós temas tratados, que serán contrastados con diferentes investigacións e teorías recollidas do ámbito académico.

En primeiro lugar, as persoas participantes entenden que a autodeterminación da poboación destinataria goza dunha protección real no marco xurídico vixente, coincidindo con López (2010) en diferenciar entre a protección da autodeterminación

como capacidade e a autodeterminación como dereito. Esta última recóllese na Lei 8/2021 que a pesares manifestar algúns/algunhas participantes dificultades para o seu entendemento é percibida como un recoñecemento do cambio de mentalidade en prol da súa autonomía.

Este cambio de mentalidade con respecto a como proceder na toma de decisións foi recollido polo Comité sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (CDPD, 2014) onde se reflectiu que as persoas con discapacidade sufrían discriminación e non exercían a súa capacidade xurídica en igualdade de condicións con respecto ó resto da poboación. O CDPD, denunciaba a necesidade de abolir figuras como a tutela e a curatela por consideralas discriminatorias e constituíren “réximes baseados na substitución na adopción de decisións” (CDPD, 2014, Introducción). Recóllese así, no marco lexislativo estatal o respecto e recoñecemento ós dereitos, ás vontades e ós desexos das persoas con discapacidade que xa se viña demandando e consideraba necesario dende algunhas esferas máis politizadas como as Nacións Unidas e por parte da poboación como son os/as profesionais de Traballo Social entrevistados, que consideraban á normativa anterior moi invasiva.

Malia que ca Lei 8/2021 “se pretendera unha abordaxe comunitaria, personalizada, un tratamento integral das necesidades e desaxustes sociais detectados” (Consejo General de Trabajo Social, 2022), cabe remarcar que os/as profesionais continúan experimentando o descoñecemento das persoas usuarias e das súas familias. Un descoñecemento que aplica tanto sobre os dereitos que con leva o recoñecemento da situación de dependencia como da existencia de apoios e a súa nova concepción, o que os aboca á desprotección por, entre outras cousas, aumentar as posibilidades de que os seus casos se xudicialicen e dilaten os tempos do proceso. Asemade, maniféstase a dificultade de cumprir a vontade das persoas dende ás entidades de apoio á capacidade xurídica debido á alta carga de traballo e ó descoñecemento en ocasións destas vontades (P4), o cal se ve agravado no caso das persoas con deterioro cognitivo o que confirmaría a percepción de que se trata dunha lei pouco orientada a este colectivo (P7).

Con todo, este cambio en favor da autonomía, independencia e autoestima das persoas usuarias (P7), non foi ben recibido de forma unánime pois, personalidades como

Arnau (2022), expresan o seu rexeitamento cara ó feito de que as persoas con discapacidade sexan quen de tomar as súas propias decisións. Este autor considera que as persoas con discapacidade “ao igual que os menores poden tomar decisións que vaian en contra dos seus propios intereses persoais ou patrimoniais” posto que, “unha cousa é que a persoa con discapacidade goce dunha liberdade para a toma de decisións (...) e outra ben diferente é que a súa vontade careza de límite algún” (pp. 558-559). Poderíase identificar pois, o impregnamento do paternalismo nesta visión por estar concibindo á persoa con discapacidade como “incompetente” no exercicio da súa capacidade xurídica e necesitar protexelo de si mesmo (Alemany, 2005, p.351; Hart citado por Alemany, 2017).

Ignórase así o feito de que “a existencia de condicións de discapacidade que inflúan sobre a razón ou a capacidade dunha persoa para tomar unha decisión, non deberían xustificar ou limitar o seu desenvolvemento e condicionar a súa autonomía” (López, 2015, p.46), sobre todo, habendo a posibilidade de permitir que as persoas manteñan a súa autodeterminación con apoios. Agora ben, esta concepción de López (2015) non pode aplicarse no caso das persoas con deterioro cognitivo pois é a enfermidade quen lle limita a autodeterminación polo que, á familia debe asumir ese rol (P7). Un caso completamente diferente ó das persoas con discapacidade mental, que de acordo ás entrevistas, ao non amoldar as dinámicas familiares non fomentan ou respectan a autonomía, actuando así de xeito paternalista.

Con todo, sendo a autodeterminación un dereito inviolable e un dos principios xerais da profesión, débesele prestar especial atención ó paternalismo debido a que “é un construto presente na idiosincrasia do Traballo Social” que provoca que sexa “moi habitual confundir paternalismo con autodeterminación, benestar, e mesmo coa confidencialidade nos dilemas éticos da práctica social” (Rondón, 2016, 25). Este feito, está contrastado polas persoas entrevistadas que vivencian como un dilema ético a relación entre o benestar e a autodeterminación da persoa, o cal suscita en ocasións a aparición do paternalismo. Así mesmo, segundo Salcedo é preciso interiorizar que “ante un conflito ético entre os valores de benestar e autonomía da persoa, sempre prevalecerán as decisións desta, aínda que non sexan consecuentes co seu benestar” (citado por Vega,

2014, p. 13). Do mesmo modo, que de existiren “conflitos morales” entre a familia e a persoa usuaria deberanse primar os dereitos éticos desta última (Lozano, 2018).

A pesar de que dende o ámbito académico estean claras estas cuestións, a realidade é que as/os profesionais din que son quen de afrontar eses dilemas éticos entre benestar e autodeterminación mentres que lidan cunha oferta de servizos e de recursos limitada, solicitudes de informes cun apertado prazo, longos procesos de tramitación e resolución, etc. A isto, Fidalgo (2018) engádelle a perpetuación da xerarquización e burocratización dos Servizos Sociais e Morales-Romo et al. (2021) apunta que son procesos tediosos sobre todo para as persoas sen apoios familiares. Todo isto aseguran os/as entrevistados/as, supón unha traba engadida para a protección da autodeterminación.

Así mesmo, a P2 nomea a importancia que ten a denominada como «crise dos coidados» como condicionante no seu exercicio profesional por, tratarse dunha situación límite na que conflúen a diminución das posibilidades de coidado e o incremento da necesidade deste (Pérez-Orozco citado por Comas-d’Argemir e Soronellas-Masdeu, 2021). Esta situación presenta a súa xénese como consecuencia da confluencia de cambios demográficos, sociais e culturais de gran magnitude. Entre estes se destacan a baixa natalidade, a alta mortalidade, o aumento da esperanza de vida, incremento das esixencias do coidado, maior implicación das mulleres no mundo laboral, os novos modelos familiares (monoparentalidade, divorcios...), os movementos migratorios, etc. En síntese, todas estas cuestións se ven traducidas nunha menor dispoñibilidade para exercer un coidado cada vez máis intenso, complexo e demandado e que continúa a estar sustentado nas familias, especialmente nas mulleres, por mor das políticas públicas débiles (Comas-d’Argemir e Soronellas-Masdeu, 2021).

Tanto a precariedade do sistema como a transición da situación social e familiar na que está sostido o sistema de coidados, provocan que en ocasións, ás persoas entrevistadas e a profesionais doutros estudos como o de Úriz (2023) lles supoña imposible respectar a vontade da persoa usuaria de permanecer no seu domicilio, recorrendo máis do desexado a internamentos involuntarios. Un procedemento non voluntario que inclúe o rexeitamento, oposición ou pasividade da persoa ou a ausencia de

autorización por falta de capacidade (Navarro-Michel, 2019), e que está recollido e autorizado por esta nova Lei 8/2021.

A pesares de constituír un procedemento que afecta directamente ó dereito fundamental da liberdade individual recoñecido por múltiples instrumentos supranacionais e nacionais (Navarro-Michel, 2019), nas entrevistas maniféstase como o uso deste recurso, o panorama social transitorio e a insuficiencia de recursos obstaculiza a protección da autodeterminación e comporta nos/as profesionais un dilema ético por ir en contra do dereito autodeterminado. Ante isto, consideran apropiado o impulso e continuidade formativa dentro da profesión especialmente mediante o uso de reunións grupais para compartir, debater e adquirir ferramentas. Non obstante, tamén recoñecen que a administración soporta gran parte da responsabilidade ó non proporcionar recursos apropiados, continuar fomentando a burocracia, etc. Polo tanto, dado que por agora, resulta moi complicado ligar a teoría do respecto á autodeterminación con todos estes inconvenientes, trataríase de obter unha formación ética que lles sirva de apoio para soportar os atrancos dun sistema que se apodera de gran parte do seu tempo prexudicando a súa vez ás persoas usuarias. Pois, canto maior é a sensibilidade ética, a actitude crítica e a autocrítica, menos risco existe de actuar paternalistamente (Idareta-Goldaracena e Ballesterio-Izquierdo, 2013).

## 5. CONCLUSIONES

O presente traballo cumpriu os obxectivos establecidos nun inicio ó analizar a preservación da autodeterminación das persoas adultas en situación de dependencia en Galicia dende a perspectiva do TS.

Así é que analizou nun primeiro lugar, as formas legais que limitan e promoven a autodeterminación focalizando parte da análise na Lei 8/2021 e os cambios que esta supuxo. Como conclusións extraídas, atópase que as persoas en situación de dependencia requiren de ter o seu dereito á autodeterminación recoñecido, pois mentres algúns precisan de ter acreditado ese dereito para o seu desfrute e outros son percibidos como quen de preservar ese dereito por si mesmos/as a maioría requiren e dependen de servizos

e apoios ofertados polo sistema para poder ter calidade de vida e levar a cabo as súas vontades. A pesares da implantación da Lei 8/2021 as problemáticas do sistema inoculáronse a esta, materializándose nos atrasos da revisión dos casos, no descoñecemento ou dificultade de entendemento entre a poboación, nos atrancos comunicativos ca FUNGA e no escaso fomento estatal en servizos que fomenten a autonomía e a autodeterminación de xeito real. Enfróntanse así a un sistema que, a cambio de atrasos no acceso a estes servizos, non cumpre estas vontades, dificultando que manteñan unha boa calidade de vida acordo cas súas preferencias.

En segundo lugar, describiu algunhas das barreiras sociais e contextuais que poden influír no deslinde da autodeterminación como é o papel da familia no seu labor de sostén de coidados e de promotores da autodeterminación. Aínda que a familia constituía un pilar esencial no apoio ás persoas en situación de dependencia, estamos a vivenciar un momento de transición do sistema de coidados onde os servizos escasean, as familias son cada vez máis reducidas e a información para o acceso e disfrute dos seus dereitos é de difícil acceso e/ou comprensión. Isto provoca que a persoa se atope nunha situación de dependencia máis acusada, na que a súa opinión non depende sempre dela senón que está directamente influenciada pola dispoñibilidade de coidados formais ou informais e das figuras de apoio que teña. Isto, os relega a un limbo institucional durante o proceso de obtención de apoios e recursos fóra da contorna familiar, xa que o sistema sustenta e responsabiliza inxustamente á familia que actualmente pode ou non suplir esa carencia nos servizos e que en determinados casos, como o das persoas con discapacidade mental, presenta maior resistencia a fomentar a autodeterminación.

Por último, tamén se realizaron entrevistas a TS directamente relacionados ca poboación en situación de dependencia para explorar con estes sobre a abordaxe da autodeterminación dende a práctica profesional nesta poboación. Así pois, extraeuse que como traballadores/as sociais non debemos esquecer que a nosa práctica profesional está guiada por diferentes factores sociais, legais, laborais, etc. que determinan a nosa actuación. Polo que, ademais de ter mellor formación ética e legal para reducir posibles accións paternalistas e eses dilemas que se manifestan tan asiduamente, por mor das diferentes realidades sociais e dos entramados legais e do sistema, debemos promover un

cambio do sistema que facilite a nosa labor e beneficie realmente á poboación e a súa autodeterminación.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alemán, C., Alonso, J. M. e Fernández, P. (2013). Dependencia y servicios sociales. Editorial Aranzadi.
- Alemany, M. (2005). El concepto y justificación del paternalismo. [Tesis Doctoral, Universidad de Alicante]. <https://acortar.link/hHlzGu>
- Alemany, M. (2017). Paternalismo. EUNOMÍA. Revista En Cultura De La Legalidad, (12), 199-209. <https://e-revistas.uc3m.es/index.php/EUNOM/article/view/3652>
- Arnau, F. (2022). Aspectos polémicos de La ley 8/2021 de medidas de apoyo a las personas con discapacidad. Revista Boliviana de Derecho, (33), 534-573. <https://acortar.link/5hh5Uz>
- Bernad, R. (2023). La tutela y la curatela en el derecho romano: conexión con la regulación actual de la tutela y la curatela en la ley 8/2021, sobre las personas con discapacidad». RIDROM, Revista Internacional de Derecho Romano, 1(30), 1–75. <https://acortar.link/hJXLpc>
- CDPD. (2014, 11 de abril). Observación general N° 1 (2014). Artículo 12: Igual reconocimiento como persona ante la ley. Naciones Unidas. <https://acortar.link/LzD1DP>
- Comas-d'Argemir, D., e Soronellas-Masdeu, M. (2021). Envejecimiento, dependencia y cuidados. Retos sociales y retos asistenciales. Arxiu d'Etnografia De Catalunya, (22), 5–18. <https://doi.org/10.17345/aec22.5-18>
- CGTS. (2012). Código Deontológico del Trabajo Social. Consejo General del Trabajo Social. [https://www.cgtrabajosocial.es/codigo\\_deontologico](https://www.cgtrabajosocial.es/codigo_deontologico)
- CGTS. (2022). Posicionamiento del Consejo General sobre la Ley 8/2021, de 2 de junio, por la que se reforma la legislación civil y procesal para el apoyo a las personas con discapacidad en el ejercicio de su capacidad jurídica. <https://acortar.link/jYZmzb>
- Cuenca, M. e Román, B. (2023). Principios éticos y Trabajo social: cuestiones pendientes. Itinerarios de Trabajo Social, (3), 49–57. <https://doi.org/10.1344/its.i3.40348>



- Etxeberria, X. (2021). Dependencia, interdependencia, autonomía. *Revista Española de Discapacidad*, 9(1), 241-246. <https://doi.org/10.5569/2340-5104.09.01.12>
- Fidalgo, A. (2018). La atención a la dependencia en España desde la aprobación de la Ley 39/2006 de Promoción de Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia. Una mirada desde el Trabajo Social [Trabajo Final de Grado, Universidad de Valladolid]. <https://acortar.link/SaLcxH>
- Huete, A., Morales, N., e Chaverri, A. (2021). Identificación y análisis de retos para la reforma del SAAD. Fundación Caser. <https://acortar.link/95E8e2>
- Idareta-Goldaracena, F. e Ballesterro-Izquierdo, A. (2013). Ética, paternalismo y burocracia en Trabajo Social. *Portularia*, XIII (1), 27-35. <https://www.redalyc.org/pdf/1610/161026336003.pdf>
- IMSERSO. (2024a). Información estadística del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia. <https://acortar.link/up8Dfh>
- IMSERSO. (2024b). Datos mensuales sobre cuidadores no profesionales. <https://acortar.link/m4fVJi>
- INE. (2022). Indicadores de Estructura de la Población. Tasa de Dependencia por comunidad autónoma <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=1453>
- González-Rodríguez, R. (2017). Discapacidad vs Dependencia. Terminología diferencial y procedimiento para su reconocimiento. *Index de Enfermería*, 26(3). <https://acortar.link/F6SxRW>
- LAPAD. Boletín Oficial del Estado, 299, de 15 de diciembre de 2006.
- Ley 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa a la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad. Boletín Oficial del Estado, 184, de 2 de febrero de 2011.
- Ley 8/2021, de 2 de junio, por la que se reforma la legislación civil y procesal para el apoyo a las personas con discapacidad en el ejercicio de su capacidad jurídica. Boletín Oficial del Estado, 132, de 3 de junio de 2021.
- López, A. (2010). Autonomía personal y dependencia. *Autonomía personal*, (1), 56-61. <https://acortar.link/m4QUzh>
- López, W. (2015). La autodeterminación como derecho social de las personas con discapacidad. *Autonomía personal*, (17), 40-47. <https://acortar.link/150zOM>

- Lopezosa, C. (2020). Entrevistas semiestructuradas con NVivo: pasos para un análisis cualitativo eficaz. En: Lopezosa, C.; Díaz-Noci, J.; Codina, L. (ed.). Anuario de Métodos de Investigación en Comunicación Social, n.1 (pp.88-97). Barcelona: DigiDoc-Universitat Pompeu Fabra. <https://acortar.link/Lrddrs>
- Lozano, A. (2018) El valor de la autonomía en la intervención familiar, en Cuadernos de Trabajo Social, 31(1), 165-175. <https://acortar.link/LF0JjM>
- Martín, A. e Rivera, J. (2018). Feminización, cuidados y generación soporte: cambios en las estrategias de las atenciones a mayores dependientes en el medio rural. Prisma Social, (21), 219-242. <https://acortar.link/5jxFpu>
- Microsoft. (2024). Microsoft Teams (Versión 1415/24041122315) [Programa informático]. <https://acortar.link/6yjq7u>
- Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. (2004). Atención a las personas en situación de dependencia en España. [Libro Blanco]. [https://www.uab.cat/Document/580/416/LibroBlancoDependencia\\_01,0.pdf](https://www.uab.cat/Document/580/416/LibroBlancoDependencia_01,0.pdf)
- Molina, G., Nevot, L. e Orte, C. (2021). La prevención de la dependencia en el envejecimiento: revisión de factores que promueven la autonomía desde la familia. Actas de Coordinación Sociosanitaria, (29), 58-83. <https://acortar.link/kDhEIV>
- Montañez, S. (2022). Promoción de la autonomía de las personas con discapacidad. Especial consideración a la asistencia personal [Tesis Doctoral, Universidad de Granada]. <https://hdl.handle.net/10481/81416>
- Morales-Romo, N., Huete-García, A., e Chaverri-Carvajal, A. (2021). La gestión de la Atención a la Dependencia en España. Análisis y propuestas. Revista Prisma Social, (32), 1-24. <http://hdl.handle.net/11181/6342>
- Moya, M. J. (2018). La asistencia personal: un servicio de apoyo fundamental. Sobreredas. Revista de neurorehabilitación y vida con diversidad funcional, (99), 13-19. <https://acortar.link/Zpeiul>
- Navarro-Michel, M. (2019). El ingreso involuntario en residencia geriátrica y la autorización judicial. Revista de bioética y derecho, (45). <https://acortar.link/w4o7Xk>
- Parra, B., Chagas, E., Palacín, C. e Torralba, J. M. (2014). La responsabilidad del Trabajo Social en la autodeterminación de los colectivos más vulnerables. AZARBE, Revista Internacional de Trabajo Social y Bienestar, (3), 99-104. <https://doi.org/10.6018/azarbe>

- Plena Inclusión Madrid. (2022). Ley 8/2021 de 2 de Junio. Que modifica la antigua Ley sobre las medidas de apoyo a las personas con discapacidad. Plena Inclusión Madrid. <https://acortar.link/ZQFsb3>
- Rodríguez-Abreu, Y., Méndez-Calero, Y., Cañamero-DinzaI, M. T., Turtós-Carbone, I. e Moracén-Despaigne, Y. (2022). Consideraciones teóricas sobre la relevancia del estudio acerca de familia, autodeterminación y discapacidad en contextos de salud. *Revista Información Científica*, 101(3), 1-13. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8611899>
- Rondón. L. M. (2017). La voz de la ética como bisagra hacia la profesionalización y el estatuto científico del Trabajo Social en tiempos trémulos. *Cuadernos de Trabajo Social*, 30(1), 23-36. <https://acortar.link/ipjmKQ>
- Seid, G. (2016). Procedimientos para el análisis cualitativo de entrevistas. En V Encuentro Latinoamericano de Metodología de las Ciencias Sociales (Mendoza, 16 al 18 de noviembre de 2016).
- Serrano, G. (2022). Toma de decisiones compartida interprofesional en el cambio o la permanencia de las personas mayores en el hogar [Tesis Doctoral, Universidad de Córdoba]. <https://helvia.uco.es/xmlui/handle/10396/22963>
- Urbina, E. C. (2020). Investigación cualitativa. *Applied Sciences in Dentistry*, 1(3). <https://doi.org/10.22370/asd.2020.1.3.2574>
- Úriz, M. J., Viscarret, J. J e Ballester, A. (2023). Cuestiones éticas en los servicios sociales en España: un estudio de caso. *Revista Crítica de Ciências Sociais*, (131), 97-122. <https://acortar.link/nmtGBZ>
- Urzola, M. (2020). Métodos inductivo, deductivo y teoría de la pedagogía crítica. *Revista Crítica Transdisciplinar*, 3(1), 36-42. <https://acortar.link/cOISwF>
- Vargas, S. G., e Velázquez, B. B. (2019). Respuestas y preguntas: La entrevista cualitativa. En *Investigación social desde la práctica educativa* (pp. 363-389). UNED- Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- Valverde, L. A. (2016). El respeto a la autodeterminación de la persona humana y el trabajo social. *Revista Costarricense De Trabajo Social*, (13). <https://revista.trabajosocial.or.cr/index.php/revista/article/view/240>
- Vega, C. C. (2014). Ética para la intervención social. Los valores aportados por el Trabajo Social y las éticas del cuidado y no paternalista como modelos de referencia para la práctica profesional. *Revista de trabajo social*, (87), 3-18. <https://revistacienciapolitica.uc.cl/index.php/RTS/article/view/2570/2532>



Vicente, E., Mumbardó-Adam, C., Coma, T. e Verdugo. M. A. (2018). Autodeterminación en personas con discapacidad intelectual y del desarrollo: revisión del concepto, su importancia y retos emergentes. *Revista Española de Discapacidad*, 6 (II), 7-25. <https://doi.org/10.5569/2340-5104.06.02.01>